

**ACORDOS**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 4 DE AGOSTO DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día catro de agosto de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup>. Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1. APROBACION DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES, SE PROCEDE.-
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. ESCRITOS VECIÑOS.-
4. APROBACION PADRON SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE E SUMIDOIRO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016.-
5. PROPOSTA CAMPAÑA DE RECICLAXE 'SEPREMOS BEN, RECICLAREMOS MELLOR'.-
6. ACEPTACION DA EXECUCION DAS OBRAS CAMIÑO ESTRADA CARBALLAL-ESTRADA VILADOABADE DENTRO DO PLAN DE EMERXENCIA 20 16.-
7. AXUDA PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 ANOS E DOS PUNTOS DE ATENCION A INFANCIA (PAI).-
8. APROBACION DA MODIFICACION MODULOS ECONOMICOS PARA RENOVACION DOS GASTOS DE PERSOAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.-
9. APROBACION DE FACTURAS.-
10. SOLICITUDE DE DEVOLUCION DE AVAL BANCARIO DA OBRA ACCESOS EN SANTAIA (GORGULLOS).-
11. OFERTA PARA A CONTRATACION DA APLICACION CIGESAD NO CONCELLO DE TORDOIA.-
12. ORDE DO 14 DE XULLO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).-
13. APROBACION DA CERTIFICACION DE OBRA.-
14. CONVALIDACION DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2016.-
15. ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS A INVERSTIMENTOS NON PRODUCTIVOS VINCULADAS A REALIZACION DE OBXECTIVOS AGROAMBIENTAIS E CLIMATICOS EN CONCELOS INCLUIDOS NA REDE NATURA 2000.-
16. INFORMACION DA ALCALDIA.-
17. ROGOS E PREGUNTAS.-

## **1. APROBACION DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES, SE PROCEDE.-**

É aprobada a acta ordinaria da sesión anterior nº 15/2016 que tivo lugar o 14.07.2016.

## **2. ESCRITOS OFICIAIS.-**

- Recíbese escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, número rexistro de entrada 1021 do 20/07/2016, comunicandonos a concesión da axuda para o EQUIPAMENTO E MELLORA DO LOCAL CULTURAL DE NUMIDE por un de 4.598,94€.

Acordos adoptados:

Aceptar a subvención.

- Recíbese escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, número de rexistro de entrada 1023 do 20/07/2016, en relación a informe de comunicación da dirección xeral de Patrimonio Cultural en relación á solicitude de autorización para a realización de obras de Acondicionamento da Casa Consistorial de Anxeriz, no Concello de Tordoia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

## **3. ESCRITOS VECIÑOS.-**

- Recíbese escrito de don M.C.V., como representante da Comisión de Festas do Emigrante ano 2016, solicitando unha axuda económica para a organización da Festa do Emigrante ano 2016.

Acordos adoptados:

Concederlle unha axuda económica para sufragar os gastos de dita festa.

## **4. APROBACION PADRON SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE E SUMIDOIRO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016.-**

Acordos adoptados:

Prestarlle a súa aprobación e que se faga a exposición pública do mesmo a través do tablón de edictos e publicación no Boletín Oficial da Provincia.-

## **5. PROPOSTA CAMPAÑA DE RECICLAXE 'SE PAREMOS BEN, RECICLAREMOS MELLOR'.-**

Acordos adoptados:

Participar na campaña institucional de concienciación social sobre a recollida selectiva e a reciclaxe "separemos ben, reciclemos mellor" que promove a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Sogama.

## **6. ACEPTACION DA EXECUCION DAS OBRAS CAMIÑO ESTRADA CARBALLAL-ESTRADA VILADOABADE DENTRO DO PLAN DE EMERXENCIA 20 16.-**

Acordos adoptados:

- Solicitar que se inclúa dentro do Plan de Emerxencias da Consellería do Medio Rural a actuación seguinte: Camiño estrada Carba Ilal -Estrada Vilabade.
- Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os corresponden tes permisos e autorizacións esixidos para levalas a cabo.
- Renunciar expresamente a reter da achega desta Corporac ión calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
- Asumir, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, a súa explotación, mantemento e conservación.
- Designar para a sinatura do convenio ao Sr. Alcalde, Don Antonio Pereiro Liñares e facultalo para calquera acto relacionado con este convenio.
- Comprometerse a que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normative que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dipoñibilidade dos terreos.
- O Concello asumirá as responsabilidades das irregularidades ou ilegalidades que se produzan polo incumprimento do compromiso adquirido .
- Que segundo obra na documentación deste concello, disponse dos terreos necesarios para a execución das obras inherentes ao dito proxecto.
- Que o proxecto cumpre coa normativa vixente en materia urbanística-

## **7. AXUDA PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 ANOS E DOS PUNTOS DE ATENCION A INFANCIA (PAI).-**

Acordos adoptados:

Solicitar a Estudio Técnico, S.A., empresa encargada da xestión técnica deste concello a que redacte unha memoria para a instalación de tellado tipo pérgola no patio exterior, que permitirá o uso do patio exterior en todas as estacións do ano, que protexerá tanto da choiva como do sol.

## **8. APROBACION DA MODIFICACION MODULOS ECONOMICOS PARA RENOVACION DOS GASTOS DE PERSOAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.-**

Acordos adoptados:

1.- Solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidad municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2.- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 122.164,60€, co seguinte detalle:

- Persoal: 16.815,00€
- Mantemento: 600,00€
- Axuda no fogar:
  - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 94.749,60€
- Xestión de programas: 10.000,00 €
- Investimento: 0,00€

3.- Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4. Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 182.043,04€, que supón unha porcentaxe do 59,84% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

## 9. APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Son aprobadas por unanimidade dos asistentes para que se abonen con cargo á partida correspondente do vixente orzamento

Aplicación	Importe	Nombre tercero	Factura
2016.920 22601	1.330	SUAREZ VAZQUEZ, JAVIER	F/2016/1187
2016.920 22002	2.314,74	AULOCE, S.A.-(ESPUBLICO.COM)	F/2016/1191
2016.454 61904	38.362,22	SYR-AMG, S.L.	F/2016/1202
2016.30 22001	1.215	NOVA GALICIA EDICIONS, S.L.	F/2016/1206
2016.338 22609	15.840	GUERRA NEIRA, Luis	F/2016/1212
2016.1532 21000	4.710,53	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	F/2016/1213
2016.454 21000	3.872	JOSE VARELA IGLESIAS, S.L.	F/2016/1217
2016.34221000	2.740,65	JOSE VARELA IGLESIAS, S.L.	F/2016/1218
2016.920 21000	3.049,2	JOSE VARELA IGLESIAS, S.L.	F/2016/1219
2016.454 61900	65.000	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	F/2016/1220

## 10. SOLICITUDE DE DEVOLUCION DE AVAL BANCARIO DA OBRA ACCESOS EN SANTAIA (GORGULLOS).-

Acordos adoptados:

Non proceder a súa devolución xa que non esta completo o expediente.

### **11. OFERTA PARA A CONTRATACION DA APLICACION CIGESAD NO CONCELLO DE TORDOIA.-**

Acordos adoptados:

Deixar pendente para estudio.

### **12. ORDE DO 14 DE XULLO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).-**

Acordos adoptados:

- Iniciar expediente de solicitude de axuda a Consellería de Economía, Emprego e Industria para o proxecto denominado Mellora de accesibilidade ao Centro Social de Piñeiro e beirarrúas no entorno da Igrexa de Viladoabade.

- Nomear como Técnico responsable a don Carlos Luis Sieira Romero (ADL).

### **13. APROBACION DA CERTIFICACION DE OBRA.-**

É vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación nº 1 y Final do plan Marco: Mellara de Camiños Municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, sendo a obra " Camiño de Estrada da Silva. Anxeriz a Ambroa e Outros", por importe de 65.000,00.-€, emitida polo técnico director don J.C.R.M., sendo adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L.

### **14. CONVALIDACION DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2016.-**

Acordos adoptados:

CONVALIDAR todos os actos que levaron á contratación das obras, desde que se inicia o expediente de contratación ata a adxudicación e certificación de realización das obras do POS 2016.

### **16. ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS A INVERSTIMENTOS NON PRODUCTIVOS VINCULADAS A REALIZACION DE OBXECTIVOS AGROAMBIENTAIS E CLIMATICOS EN CONCELOS INCLUIDOS NA REDE NATURA 2000.-**

Acordos adoptados:

- Iniciar expediente de axuda a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e solicitarlle a empresa encargada dos servizos urbanísticos a redacción dun proxecto para mellorar o estado e conservación dos Camiños nas marxes dos Ríos de Paradela e Lengüello (Zec do Río Tambre).

. Nomear como técnico responsable a don Carlos Luis Sieira Romero.

#### **17.INFORMACIONES DA ALCALDIA.-**

O señor alcalde informa que en relación co expediente sancionador incoado a este Concello por actuacións con afección á zona de protección do regato do Braña, consistentes na realización dun recheo alterando os niveis naturais do terreo, na parcela XXX do polígono XX de Tordoia, con afección á zona de servidume e a corta de 5 árbores, no lugar da Rega, parroquia de Cabaleiros, neste Concello, sen a preceptiva autorización administrativa en materia de dominio público hidráulico, CLAVE: DH.D15.50 XXX, solicitouse o arquivado expediente por defectos na tramitación.

#### **18.ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.